



Angela Ruiz Robles

BIRAVXS

*Ángela
Ruiz Robles
(1895-1975)*

Cando Angelita era unha nena, ir á escola era un tormento. Os mestres dicían que «a letra con sangue entra» e castigaban os alumnos que non conseguían memorizar listaxes interminables de nomes. Ela soñaba cun mundo no que aprender fose unha diversión e os nenos estudasen felices. Por iso fíxose inventora e mestra. Angelita tivo tres fillas. Cando ían á cama polas noites oían o repenique da máquina de escribir da súa nai. De día dáballes clases ás nenas e aos nenos da vila e, cando pechaba a escola, ensinaba a ler os pais porque naqueles tempos moita xente era analfabeta. De noite, á calor dunha lámpada, na cabeza de Angelita estalaban inventos coma nunha bolsa explotan flocos de millo. Sesenta anos antes de que saíse a primeira tableta, Angelita inventou un asombroso «libro mecánico» que se podía ler en vertical e en horizontal. Steve Jobs viuño e quedou coa boca aberta: a superficie podía iluminarse para ler na escuridade e tiña unha pantalla onde era posible escribir e debuxar. Cando poñías un dedo nela, ese punto iluminábase e abríase outra información: o avó do enlace. Para que as persoas con dificultades de visión puidesen lelo, incorporou unha lente de aumento: a avoa do zoom. O aparello tiña forma de maletín e nos laterais podíanse intercambiar bobinas coas diferentes materias: os parentes afastados do CD e do USB.

Unidade de Igualdade

Universidade de Vigo